



RESUMO da REUNIÓN DA XUNTA DE PERSOAL PROVINCIAL DE LUGO DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, mantida o mércores 20 de marzo de 2019 ás 10,30h horas, na Sala de Xuntas da Delegación.

Organizacións presentes: STEG, FETE-UGT, CIG, CCOO, ANPE e CSI-f

1) Lectura e aprobación da acta anterior.

Apróbase.

2) Matrícula no CEIP de Albeiros.

A Presidencia da Xunta de Persoal informa ao resto das organizacións sindicais da situación actual deste centro e da intención **por parte da Consellería** de reducir unha unidade infantil do Ceip de Albeiros que viña funcionando os últimos cursos por riba de catálogo -non estando creada-.

A este respecto, o STEG opina que non habería maior necesidade de retirada, se viña funcionando normalmente, parecer compartido polo resto das organizacións.

Noutra orde de cousas, coméntase tamén que a intención de fondo por parte da Inspección sería a de propiciar máis matrícula no Ceip de Paradai.

Sobre as supostas reticencias que algunha familia puidese ter a enviar a este centro as súas crianzas, comentario que xorde sen máior importancia no devir da xuntanza, **o STEG non as comparte en ningún xeito. Valoramos moi positivamente o traballo e esforzo do profesorado do mesmo, valoración compartida tamén polo resto de organizacións, sabendo que a dotación do mesmo en canto a recursos humanos e materiais por parte da Consellería podería ser moito mellor. E isto facilitaría máis a valiosa labor do centro.**

Igualmente, o STEG opina que habería que implementar máis recursos humanos e materiais ao Ceip Paradai dende a Consellería –por exemplo, en atención á diversidade de procedencia do alumnado, e por tanto lingüística e sociocultural, tendo unha especial sensibilidade para con este- para mellor atendelo. Isto é o que se veu esixindo para este centro dende o STEG nas sucesivas xuntas de Persoal, en [marzo de 2017](#) e en [setembro de 2018](#), facéndonos eco das súas necesidades neste órgano.

A reflexión final que se fai dende o STEG é que medidas neste sentido por parte da Consellería coma retirar unidades, dunha banda, e de non implementar axeitadamente os recursos que demandan as necesidades dos centros, o único que fan é deteriorar a calidade do ensino público, favorecendo o trasvase do alumnado da escola pública á concertada, cuestión coa que estamos totalmente en desacordo.

Acórdase por todas as organizacións neste punto solicitar unha reunión coa Xefatura de Inspección e coa Xefatura Territorial para tratar, entre outros, este tema tamén.

3) Situación actual no tema da dirección do CEIP de Casás.

Coméntase a situación actual do Ceip de Casás e que existe preocupación pola posibilidade de que a praza de dirección do mesmo se saque a concurso, en atención ao nomeamento do novo equipo directivo que, ao que parece, contribuíu a recuperar certa normalidade na vida do centro e da súa comunidade educativa. Así as cousas, coméntase que talvez o axeitado fose que seguise de xeito provisional o actual equipo.

Acórdase incluír esta cuestión na xuntanza aludida no punto anterior, pedindo algunha precisión máis sobre a mesma.

4) Xubilacións primeiro trimestre.

Acórdase solicitarlle á Xefatura de Inspección ás xubilacións do 1º e 2º trimestre de 2019.

5) Incidencias no transporte integrado.

Expónse dende o STEG o problema existente nos centros para adxudicar paradas ao alumnado do transporte escolar integrado, debido a que na web de transporte non aparecen moitas das paradas que viñan utilizándose dende hai anos. Se ben na web, o transporte da Consellería de Educación funciona coma sempre, o problema está na informatización da web do transporte integrado que lle corresponde á Consellería de transportes para que desde os centros se poida entrar nela e adxudicar paradas ao alumnado transportado pola mesma. Algúns centros xa enviaron, hai tres ou catro meses, as paradas que deberían aparecer na web para adxudicar ao alumnado, pero aínda non figuran na mesma e non poden adxudicarllos a moito alumnado que leva parando nelas moitos anos (4 e 5 anos, por exemplo). O STEG tivo constancia de que o problema se puidese deber, aparte do tema técnico, á escasa cooperación e proactividade ao respecto entre as dúas subdireccións (a de transportes e a de educación).

Paralelamente, o STEG denuncia que neste tipo de transportes permítese entrar nos transportes a persoas adultas que poden ir en condicións pouco axeitadas para viaxar xunto ao alumnado. Existen queixas dalgunhas persoas condutoras que din que dunha banda a estas esíxeselles un certificado para traballar con menores pero logo calquera persoa pode subir nos buses cos potenciais riscos que isto conleva.

Acórdase introducir esta cuestión na xuntanza coa Xefatura Territorial e coa Xefatura de Inspección.

6) Varios.

O STEG dá traslado de varias problemáticas das que ten constancia:

- as incidencias que se seguen a dar na EPAPU de Albeiros nos días de mercado, onde se "invaden" as instalacións do centro (entrada e mesmo hall) por parte de persoas alleas ao mesmo, estrando todo tipo de artigos, roupa, restos, lixo, etc... O STEG ten denunciado esta circunstancia en varias ocasións no Consello Escolar Municipal e paralelamente, dá traslado nesta Xunta de Persoal para poñelo de novo en coñecemento da Consellería, no camiño de resolver a situación. Ata onde se sabe, esas persoas non dispoñen de permisos para situarse nestas zonas e comerciar os días de mercado, polo que non debera ser moi difícil reverter estas incidencias.

- O STEG comenta a necesidade de que o profesorado itinerante que desenvolva parte do seu traballo en centros de difícil desempeño –malia que non sexan o seu centro base- poida ver recoñecida esta función como acontece nos outros casos. Así, sabendo que esta cuestión transcende as atribucións da Xunta de Persoal, convida as organizacións con presenza na Mesa Sectorial a que afonden nesta cuestión, que redundará na mellora das condicións de traballo do profesorado do ensino público.

- na mesma liña, dende o STEG expónse a situación do profesorado que podería participar no Concurso de Adultos se este saíse anualmente, ou alomenos se lle permitise concursar no mesmo, malia que tivese obtido praza no concurso ordinario (circunstancia que se dá tamén no Concurso de Orientación) e convídase igualmente a dar pasos para corrixir estas circunstancias.

- dende o STEG trasládase a petición do Ceip de Vista Alegre en Burela, demandando unha persoa auxiliar administrativa, debido ao cada vez maior peso burocrático que recae na figura das direccións dos centros, detraendo tempo doutras funcións igualmente importantes (fundamentalmente de natureza pedagóxica); tendo en conta ademais, que outros centros da contorna con similar número de alumnado, si gozan desta figura.

- en relación á prevención da saúde e dos riscos laborais, dende o STEG trasládase a necesidade de que todos os centros de ensino conten con equipos de desfibrilación e reciban formación sobre o seu funcionamento.

ANPE e CCOO fanse eco de problemáticas relacionadas coa denegación de licenzas por asuntos de interese particular, expoñendo que tiveron constancia de moitas denegacións realizadas nos primeiros meses do ano para maio e xuño, argumentándoselles dende a Consellería que era moi pronto para solicitálas.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a reunión sendo as 11 40 h.

****o STEG dará traslado nesta vindeira reunión que se vén de solicitar coa Xefatura de Inspección e coa Xefatura Territorial do noso desacordo co xeito en que se levou este ano o tema das vacantes de Secundaria, prescindindo de tratalas nas Xuntas de Persoal Provincial e centralizando a cuestión en Compostela, o que derivou ata a data en numerosas incidencias ao respecto, denunciadas polos propios centros e o profesorado.***

Lugo, 20 de marzo de 2019.